



ANEXO B

INFORME DE RESULTADOS DAS ACCIÓNS DE TRANSFERENCIA PARA O APOIO ÁS ACTIVIDADES DE DEMOSTRACIÓN E INFORMACIÓN AO AGRO GALEGO 2020

Nº DE PROTOCOLO:2020/106

1.- TÍTULO:

Efecto da raza nos parámetros de crecemento de poldros criados nun sistema en base a pasto.

2.- TIPO DE ACTIVIDADE:

Campo de ensaio

3.- UNIDADE ADMINISTRATIVA DA CONSELLERÍA ORGANIZADORA:

(Centro de investigación/CFEA/OAC...)

Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo

4.- LOCALIZACIÓN DA ACTIVIDADE:

Enderezo: Finca Marco da Curra s/n

Concello: Monfero

Provincia: A Coruña

5.- RESPONSABLE: Manuel López Luaces

Tfno.:881881801

6.- INTRODUCCIÓN:

O equino é un dos sectores gandeiros historicamente máis importantes de Galicia. Os avances tecnolóxicos provocaron unha regresión desta produción pola súa substitución como ferramenta de traballo. A pesares da evolución histórica, este gando mantén un destacado papel, polo censo elevado e o aproveitamento dos recursos naturais.

Ó longo do tempo, estableceuse en Galicia un sistema de explotación en extensivo, cunha raza autóctona de cabalo, empregada como elemento de limpeza e aproveitamento do monte. O cabalo de Pura Raza Galega (PRG) habita os montes galegos dende tempos inmemoriais, pois existe evidencia en petroglifos onde se observan actividades parecidas ós actuais curros. Posteriormente, tratando de mellorar os rendementos carniceros, os gandeiros foron introducindo sementais de maior corpulencia para conseguir canais máis pesadas, dando como lugar a unha raza mestiza, que é a máis frecuente nos montes galegos. Paralelamente, noutras partes do estado fóronse seleccionando razas máis pesadas, realizando cruces con razas doutros países, como pode ser a raza Hispano-Bretón (HB), procedente de cruces de razas da península con razas pesadas de Francia. Esta raza é amplamente utilizada para a produción cárnica na actualidade.

En Galicia, estes sistemas desenvólvense de forma extensiva na base territorial de montes xestionados polas comunidades de montes veciñais en man común, que representan un terzo da superficie forestal galega, mais tamén de forma máis intensiva en pastos sementados para conseguir maiores rendementos. En todo caso, o predominio de grandes rabaños é testemuñal.

O fomento desta produción é estratéxico, por unha banda, pola xeración de riqueza no rural, debida ao aproveitamento sustentábel dos recursos naturais polas greas, o que permite contribuír a fixar poboación en zonas desfavorecidas e axudar ao desenvolvemento rural. E doutra banda, este tipo de aproveitamento silvopastoral contribúe á diminución da probabilidade e gravidade dos incendios forestais, pola incidencia no control da acumulación de biomasa nos montes.

A compatibilización da cría de équidos cos aproveitamentos forestais, para incrementar a rendibilidade das explotacións, vai unido co estudo dos sistemas de manexo máis eficientes deste gando no monte orientándoos á

producción cárnica. Na optimización destes sistemas é necesario proporcionarlle información ós gandeiros para que sexan conscientes do potencial da raza.

Aínda que a carne equina está nun nicho minoritario de mercado, caracterízase por presentar cualidades nutricionais superiores a outras carnes, principalmente polo baixo contido en graxa e colesterol, elevadas cantidades ácidos graxos esenciais (omega-3 e 6) e elevado contido vit-B, o que está en concordancia coas recomendacións dietéticas dos alimentos. Ademais, o feito de explotar o gando ao aire libre, alimentándose do

pasto, permitirá introducir con facilidade este tipo de carne dentro da agricultura ecolóxica.

O Centro de Investigacións Agrarias ten desenvolvido na finca Marco da Curra, situada no concello de Monfero, diversas experiencias relacionadas coa produción de equino. Neste caso, preténdese levar un campo de ensaio para caracterizar os parámetros de crecemento de poldros de Pura Raza Galega, cruzados e Hispano-Bretóns sacrificados a 7,5 e 15 meses de idade, nun sistema de cría en base a pasto.

7.- MATERIAL E MÉTODOS:

Os datos que se presentan pertencen a poldros criados durante varios anos.

O inicio das medicións tivo lugar na primavera, momento no cal empezan de forma natural os partos das bestas. A partir de aí, realizáronse pesadas regulares dos poldros e das nais, que se alimentaron de pasto herbáceo natural e sementado, entrando en diferentes parcelas de forma rotacional.

O primeiro grupo de poldros, con 7,5 meses de idade media aproximada, sacrificáronse no momento do destete, durante o mes de novembro. O segundo grupo de poldros destetáronse e separáronse das nais durante 1 mes, xuntándoos posteriormente durante o inverno. Ó longo do inverno os animais recibirán un tratamento antiparasitario para manter un correcto estado sanitario.

Os poldros do segundo lote sacrificáronse cuns 15 meses de idade, no verán do ano seguinte.

Unha vez sacrificados, tomáronse datos do canal no matadoiro. O número de poldros sacrificados foi inferior ó número de potros dos cales se tomou o peso vivo.

Deste ensaio poderanse extraer resultados fiables respecto da caracterización produtiva de tres tipos de raza (pequena, mediana e grande) que son actualmente utilizadas en Galicia.

8.- ANÁLISE DE RESULTADOS:

O primeiro que podemos observar acerca das tres razas utilizadas é a diferenza no tamaño corporal (Figura 1), sendo significativamente superior o peso das femias da raza HB que o da raza cruce, e o desta superior que o da raza PRG. O peso dos sementais varía do mesmo xeito e, tamén se observa que, dentro de cada unha das razas, o peso do macho é superior á media das femias.

Cómpre recalcar que a medida que o peso aumenta, a conformación da raza tamén mellora, fundamentalmente na musculatura dos cuartos traseiros. Esta observación visual terá que ser contrastada nun futuro despece dos canais (non integrado neste campo de ensaio).

Nas figuras 2, 3 e 4 móstranse, para as razas PRG, Cruce e HB, respectivamente, os pesos de cada un dos poldros utilizados no estudo, así coma o peso medio. No caso dos poldros HB non se tomaron datos do peso vivo de forma regular ata despois do destete.

Na Figura 5 móstranse os pesos medios para cada raza e os pesos medios aos 7,5 e 15 meses de idade.

Obsérvanse diferenzas significativas no peso vivo medio en función da raza tanto ós 7,5 coma ós 15 meses, sendo superior na raza HB, logo no cruce o logo na raza PRG. Os pesos, tanto ó destete coma ós 15 meses, son practicamente proporcionais ó peso vivo das femias adultas, supoñendo o peso dos poldros aproximadamente o 50% do peso vivo das femias adultas ó destete e o 75% ós 15 meses.

En canto á ganancias media diaria de peso vivo (GMD), os poldros experimentan un elevado crecemento nos primeiros meses de vida, pois esta fase adoita coincidir coa primavera, onde hai pasto de alta calidade en abundancia, e co pico de lactación das bestas. Posteriormente a GMD redúcese no verán, debido ó descenso de calidade do pasto que acompaña ó espigado das gramíneas, e á diminución da produción de leite das nais. Dende o nacemento ata o destete (7,5 meses) a GMD da raza HB practicamente duplica o da PRG (Táboa 1). Posteriormente ó destete, durante o inverno, a GMD baixa considerablemente, chegando a ser negativa nalgún caso (Figura 2), e recupérase na seguinte primavera. En todo caso, ese estancamento invernal fai que a GMD dende os 7,5 ata os 15 meses sexa moi inferior á GMD dende o nacemento ao destete. Hai que ter en conta que os poldros HB foron para recria na súa maior parte, polo que se lles deu un suplemento invernal de concentrado, o que fixo que a GMD durante esa época fose superior á que se esperaría se soamente comesen pasto.

Atendendo ós datos en canal (Táboa 2), dentro de cada raza os poldros de 7,5 meses mostran un peso canal significativamente máis baixo que os de 15 meses. Na raza PRG produciuse un aumento duns 23 kg en canal e na raza cruce un aumento de 53 kg.

En canto ó rendemento canal, este foi superior ós 7,5 meses que ós 15 meses na raza PRG, e non houbo diferenzas significativas nos poldros cruzados. Non se observaron diferenzas en función da raza.

Polo momento aínda non se sacrificou ningún poldro da raza HB, pois todos se utilizaron para recría.

Cómpre destacar que estes resultados obtivéronse nas greas da Finca Marco da Curra, onde predomina o pasto herbáceo, o cal presenta unha elevada calidade gran parte do ano. As ganancias de peso esperables en zonas dominadas por matogueira serían sensiblemente inferiores.




Figura 1. Peso medio das femias e do macho de cada unha das razas. Letras diferentes segundo o sexo indican diferenzas significativas segundo o test Duncan ($P < 0,05$).




Figura 2. Peso vivo dos potros PRG utilizado no ensaio ($n=26$). A liña vermella representa o peso vivo medio.




Figura 3. Peso vivo dos potros cruzados utilizado no ensaio (n=36). A liña laranxa representa o peso vivo medio.




Figura 4. Peso vivo dos potros HB utilizado no ensaio (n=14). A liña azul representa o peso vivo medio.




Figura 5. Peso vivo medio de cada unha das razas. Indícanse os pesos medios de cada raza para as idades de 7,5 e 15 meses. Letras distintas para cada raza e idade indican diferenzas significativas segundo o test Duncan ($P>0,05$).

Táboa 1. Ganancia media diaria de peso vivo (GMD) para cada unha das razas. Móstranse os datos dende o nacemento ata os 7,5 meses e dende os 7,5 ata os 15 meses.

	PRG		Cruce		HB	
	0-7,5 m	7,5-15 m	0-7,5 m	7,5-15 m	0-7,5 m	7,5-15 m
GMD (kg/día)	0,569	0,324	0,773	0,356	1,049	0,618

Táboa 2. Peso en canal e rendemento canal (rto canal) de cada unha das razas para cada unha das idades. Nos potros HB non se dispón de datos (s.d.) Letras distintas en cada fila indican diferenzas significativas segundo o test Duncan ($P>0,05$).

	PRG		Cruce		HB	
	7,5 m	15 m	7,5 m	15 m	7,5 m	15 m
n	8	10	14	10		
Peso canal (kg)	85,05 c	108,49 b	128,00 b	167,4 a	s.d.	
Rto canal (%)	50,37 a	47,57 b	51,41 a	50,01 a		

9.- RESUMO E CONCLUSIÓNS:

A raza tivo un efecto significativo no peso en vivo, no peso en canal, e na ganancia de peso dos poldros, sendo, como era de esperar, máis elevados os valores na raza HB, logo no cruce, e finalmente na raza PRG.

O incremento de idade de 7,5 a 15 meses produciu un aumento significativo do peso dos poldros, mais este aumento supuxo soamente arredor dun 30% do peso obtido ós 7,5 meses. O peso en canal que demanda o mercado supera os 150 kg, polo que soamente se obterían canais adecuadas ós 15 meses nos potros cruzados e (estimando valores) ós 7,5 e 15 meses nos potros HB. O rendemento en canal tende a diminuír ó aumentar a idade de sacrificio.

Tendo en conta os resultados obtidos, cómpre considerar aumentar a idade do sacrificio ata os 18-20 meses, para que os poldros aproveiten todo o ciclo de pastoreo antes do inverno, e incluso introducir alimentos concentrados na fase final de alimentación, sobre todo nas razas de maior peso, con maior potencial de engorde.

10.- DATA E SINATURA DA PERSOA RESPONSABLE:

**MANUEL
LOPEZ
LUACES -
32778422H**

Firmado
digitalmente por
MANUEL LOPEZ
LUACES -
32778422H
Fecha: 2020.11.23
09:32:46 +01'00'

O supervisor/a científico/a

(Só no caso dos campos de ensaio)

**SANTIAGO
CRECENTE
CAMPO -
76577285G**

Firmado
digitalmente por
SANTIAGO
CRECENTE CAMPO
- 76577285G
Fecha: 2020.11.20
09:14:09 +01'00'

Asdo.: Santiago Crecente Campo